



A/A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
XUNTA DE GALICIA
XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP BEN CHO SHEY

O PEREIRO DE AGUIAR – OURENSE

PROPOSTA DE PETICIÓN DE AMPLIACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO CEIP. “BEN-CHO-SHEY”

A ANPA do centro educativo do CEIP. “BEN-CHO-SHEY” pónse en contacto coa Consellería para solicitar a ampliación do centro educativo, xa que consideramos que as aulas non son as suficientes para dar resposta a unha atención educativa de calidade, para isto basámonos en que:

- En primeiro lugar, existen aulas tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria cun número de alumnado que sobrepasa en 20 discentes por aula, incluso ao longo do ano existen matriculacións de máis nenos/as. Segundo un dos **Acordos no mes de Outubro de 2023 e firmado por Xunta de Galicia e Sindicatos de Educación** precísase unha ensinanza máis personalizada e, por este motivo, consideran baixar as ratios de 25 a 20. Así que, precisamos no noso centro dunha ampliación para desdobles de aulas.
- En segundo lugar, consideramos que ter un aula de Música, Informática e Inglés (plástica) beneficiaría aos nosos/as fillos/as para unha ensinanza de calidade, xa que poder dispoñer de aulas específicas cos seus recursos e materiais enriquece o desenvolvemento da súa creatividade tan importante neste rango de idade, xa que estimula a confianza en sí mesmo, a autoestima e a empatía. Este aspecto ven recollido no **Decreto 155/2022, de 15 de setembro, que desenvolve o currículo de Educación Primaria.**
- En terceiro lugar, nas instalacións de educación primaria ten que existir un espazo por cada 6 unidades para desdoblamentos e outras actividades de apoio e reforzo pedagóxico. Isto recóllese no **artigo 10 do Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, que establece os requisitos mínimos dos centros do segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria.**

- En cuarto lugar, a **demografía do Concello de O Pereiro de Aguiar** está en aumento, pódese observar nas estadísticas de anos anteriores e precisa duns servizos gratuitos e obrigatorios como é, en este caso, a Educación.

Como familias defendemos unha Educación gratuita, flexible, inclusiva, de calidade e para isto, precisamos a ampliación do noso centro, incluso mirando cara a toda a educación obligatoria, con isto nos referimos a ter unha continuidade no noso Concello e entorno e poder realizar a Educación Secundaria Obligatoria tamén.

Solicitamos á Consellería que teña en conta a nosa petición e nos dea resposta sobre a viabilidade da ampliación do noso centro escolar.

E para que así conste, fírmase esta reclamación en Pereiro a 18 de Outubro do 2023

Presidente da ANPA CEIP BEN-CHO-SHEY

Fdo. Manuel Díaz Soilán